

2ª EDICION

Lingua de @m♥r

Concurso de declaracións
de amor en galego

17 de
maio
2008



CONSELLO DA XUVENTUDE
DE GALICIA

Día das Letras
Galegas
e

Día Internacional
da Internet

www.linguadeamor.eu

XUNTA DE GALICIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



VITORIA

Por seres ti

"Polos zumes de laranxa e pomelo que me fas cada mañá. Por deixarme que poña a Morrissey 26 horas ó día. Por non te rires da miña manía de poñer sempre o mesmo calcetín no mesmo pé. Por aturar as miñas arroutadas cun sorriso. Polos bicos que curan a resaca. Por seres o que máis me gusta de min. Porque non cho dixen no seu momento. Quérote".

Rebeca Silva Trasbach

1º premio Lingua de Amor 2007

Nós

"Deixou de gustarme o singular porque xa non quero ser EU quero ser NÓS".

María Teresa Villanueva Gesteira

2º premio Lingua de Amor 2007

E apareciches ti

"Quería non sentir, non escoitar, non ver, non querer, non ansiar, non soñar, non anhelar, non entregar... Non quería esperar doces apertas, bicos de mel e lume, palabras de amor, tremores de paixón, caricias de abandono e devoción... e apareciches ti..."

Cristina Rey Piñeiro

3º premio Lingua de Amor 2007

LINGUA DE AMOR

O amor na túa lingua

Concurso de mensaxes na rede: declaracións de amor en galego

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e do Día Internacional da Internet presentámosvos a segunda edición de Lingua de amor, o concurso de declaracións de amor a través do correo electrónico.

- Un dos obxectivos principais deste concurso é conquistar novos espazos de uso para o galego: internet, o correo electrónico ou os chats son espazos de comunicación nos que os mozos e mozas empregan o castelán como lingua habitual. Pretendemos con este concurso dinamizar o uso da lingua galega entre os máis novos nestes espazos de comunicación habitual.

- Pretendemos vincular as rapazas e rapaces de Galicia coa súa lingua e incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para as actividades de lecer e momentos de diversión: o galego ábreche ás portas á hora de coñecer xente, facer amigos e... por que non? Tamén para formar parellas!

- Así mesmo, outro obxecto é relacionar o galego coas formas de diversión xuvenil e potenciar os seus valores como unha lingua próxima, útil e moderna. A normalización da lingua galega en moitas ocasións céntrase en contextos institucionais marcadamente formais que non chegan á mocidade dun xeito atractivo. Con este concurso o que pretendemos é normalizar o uso da nosa lingua dende unha perspectiva lúdica, actual e atractiva para a xente nova.



1 O concurso Lingua de amor consiste na elaboración dunha mensaxe que conteña unha declaración de amor en lingua galega.

2 Este concurso organízao o Consello da Xuventude de Galicia, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística.

3 As declaracións de amor que participen neste concurso deberán redactarse, xunto cos datos persoais dos concursantes, no formulario que atoparedes no web www.linguadeamor.eu

4 Todas as declaración de amor que se envíen deberán estar escritas en lingua galega.

5 A temática das mensaxes será amorosa e poderán estar escritas en prosa ou en verso.

6 A extensión máxima da mensaxe é de 350 caracteres, incluídos os espazos en branco. As mensaxes que excedan esta extensión quedarán fóra do concurso.

7 Terase en conta o grao de elaboración e a orixinalidade. Ademais todas as declaracións deberán ser inéditas.

8 Establecerase un máximo de dúas mensaxes por participante.

9 **A data límite para o envío das declaracións é o 14 de maio de 2007.** As mensaxes que se reciban despois deste día non entrarán no concurso.

10 Establécense dúas categorías:
Categoría A: de 14 a 19 anos
Categoría B: de 20 a 30 anos



11 O xurado do concurso estará composto pola presidenta do CXG, M.^a Dolores Rodríguez Amoroso; dous representantes de recoñecido

prestixio do mundo da cultura; dous representantes das empresas colaboradoras e a técnica do Servizo de Normalización Lingüística.

12 Os nomes dos gañadores faranse públicos o 16 de maio de 2007 na páxina do concurso (www.linguadeamor.eu). Contactarase coas persoas gañadoras a través do número de teléfono que apareza na ficha de inscrición.

13 O 17 de maio haberá unha entrega de premios que terá lugar na cidade de Lugo.

14 Todas as mensaxes serán publicadas na páxina www.linguadeamor.eu. Só aparecerán con nome as mensaxes gañadoras.

15 Establécense 3 premios por cada unha das categorías:

Categoría A:

- 1º Consola Nintendo wii + un lote de libros en galego
- 2º DVD portátil + un lote de libros en galego
- 3º MP3 + un lote de libros en galego

Categoría B:

- 1º Viaxe a París para dúas persoas + un lote de libros en galego
- 2º Ordenador portátil + un lote de libros en galego
- 3º TV LCD 19" + un lote de libros en galego

16 Entregaráselles un agasallo, cedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ás/aos 200 primeiros participantes.

17 A organización do concurso poderá desbotar aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.

18 A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as bases deste concurso sempre e cando fose necesario para o seu bo desenvolvemento.



ORGANIZA



Consello da Xuventude de Galicia

COLABORA



XUNTA DE GALICIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



EXCMO. CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura e Turismo
Concellería de Xuventude



VILORIA 
organización internacional de viajes